



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA
CELEBRADA O XOVES 13 DE XUÑO DE 2024

02. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 1586/2024 DE 10/06/2024 SOBRE LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DENDE O 16 DE XUÑO AO 15 DE SETEMBRO DE 2024.-

Proposta de Acordo

Secretaría Xeral

Exp. 2024/A004/000010

DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 1586/2024 DE 10/06/2024 SOBRE LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DENDE O 16 DE XUÑO AO 15 DE SETEMBRO DE 2024.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto nº 1586/2024 de 10 de xuño de 2024, co seguinte teor literal:

“Policía Local

EXPEDIENTE.- 2024/A004/000010

PROCEDIMIENTO.- Convocatoria Subvenciones Nominativas

RESOLUCIÓN

Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DENDE O 16 DE XUÑO AO 15 DE SETEMBRO DE 2024.

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, dita a presente **RESOLUCIÓN:**

En virtude do convenio asinado entre o Concello de Arteixo e a Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo en data 5 de xuño de 2008, atendendo ao disposto na cláusula terceira do mesmo, así como ao novo informe elaborado ao respecto polo Xefe de Protección Civil asinado o 16 de maio de 2024 (CVD: pN1AYjCBXZak0jOBMABL), no que se recollen as propostas relativas aos custes salariais do persoal de salvamento na tempada estival do ano 2024.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Visto que nas Bases de Execución do Orzamento 2024 na sección de Subvencións Nominativas figura unha aportación a favor da Asociación de Voluntarios de Protección Civil con C.I.F. G-15790926, por importe de 320.000€ consignada na aplicación orzamentaria 135.48900, para o servizo de salvamento e vixilancia en praias.

Visto que debido ao tipo de custo obxecto da subvención é necesario que de forma excepcional anticipéase o 100% do importe da mesma, debendo á súa vez esixirllle ao beneficiario da subvención un prazo apremiante para a xustificación da mesma.

Visto que segundo o articulado do convenio poñerase ao dispor da Asociación o material propiedade do Concello para o adecuado desenvolvemento do Convenio.

Visto que existe crédito adecuado e suficiente no orzamento segundo RC Nº Operación 220240009349 por importe de 320.000,00€ e en virtude do exposto no art. 185 do Real Decreto Legislativo 2/2014, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 55 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Vista a xustificación do reintegro do importe de 249,79€ presentada pola Asociación de Voluntarios de Protección Civil da subvención concedida no ano 2023, por non terse acreditado a totalidade do gasto.

Vista a proposta de acordo asinada polo Concelleiro delegado en materia de Persoal e Seguridade, D. José María Sánchez Novo, en data 20 de maio de 2024, con CVD yhOpsOwGOu2sLkAYcTxt.

Visto o informe de fiscalización asinado pola Viceinterventora Municipal, Dna. Luz María Villa Álvarez, en data 3 de xuño de 2024, con CVD LljNITM/pB3wxav2hY3j, emitindo reparo segundo se desprende do seguinte teor literal:

“

Informe de Intervención

Asunto: SUBVENCION NOMINATIVA ASOCIACION VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL

Convenio de colaboración asinado o 5/06/2008 prorrogado anualmente

Fase do Gasto: Autorización e disposición(AD)

Importe: 320.000,00 €

Anticipo:100%

Exp. 2024/A004/000010



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS DENTE O 16 DE XUÑO AO 15 DE SETEMBRO DE 2024.

LE **NORMATIVA APLICABLE:**

- Artigos 21.1 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Artigos 40 e 213 e seguintes do real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL).
- Artigos 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17/06/1955.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.
- Plan estratéxico de subvención municipal (Pleno de 23/02/2023 BOP Nº 44 de data 06/03/2023):
- Liña 6.2. Protección Cidadanía: Bases de execución do orzamento vixente.

INFORME DE FISCALIZACIÓN PREVIA (Base núm. 48 e ss)

Baseándose nos Antecedentes sinalados e en aplicación da lexislación en vigor, esta Intervención ten a ben realizar o seguinte INFORME:

PRIMEIRO. Segundo a Base núm. 42 das de execución do Presuposto vixentes, os extremos a comprobar refírense aos seguintes extremos:

a) Con carácter xeral:

- ☐ *Existencia de crédito presupostario:* Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 135.48900 do Orzamento municipal de 2024, RC 220240009349
- ☐ *Competencia do órgano:* Xunta Goberno Local
- ☐ *Executividade dos recursos:* Recursos propios ordinarios.
- ☐ *Proposta da Unidade Administrativa:* Consta Informe do Coordinador de Protección Civil de data 16 de maio de 2024 (CVD: pN1AYjCBXZak0jOBMABL) sobre o que se formula proposta polo Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá de data 20 de maio de 2024 (CVD: yhOpsOWGOu2sLkAYcTxt).

b) Con carácter específico:

- ☐ *Existencia de Previsión nominativa no Presuposto Xeral Municipal:* Base núm 35)
- ☐ *Finalidade:* Financiar o servizo municipal de salvamento de praias de 2024
- ☐ *Existencia de convenio regulador da concesión:* Advírtese que o convenio foi prorrogado reitradamente polo que o seu contido non se adapta ás especificacións da lexislación de aplicación
- ☐ *Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións:* consta declaración xurada individualizada

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

☐ Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias: consta certificación acreditativa de estar ó corrente coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Tesourería do Concello de Arteixo e Deputación de A Coruña

☐ Ter xustificadas as subvencións concedidas polo Concello de Arteixo en convocatorias ou expedientes anteriores, relativa a calquera clase ou tipo de área de actuación. Consta acreditado o ingreso do reintegro de pagos da subvención do ano 2023 por importe de 249,79 € (Nº operación: 120240001007).

SEGUNDO: Analise xurído do obxecto da subvención

A.- O artigo 23 do regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS), aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, sinala que éstas poderán conceder subvencións a Entidades, Organismos o particulares cuxos **servizos o actividades complementen ou suplan as atribuídas á Corporación Local**.

En consecuencia o obxecto do Convenio non pode constituir, ó mesmo tempo, unha prestación dun servizo directamente prestado polo Concello de Arteixo.

O art.115.d) da Lei 22/1988, de 28 de julio, de Costas, establece:

"Las competencias municipales, en los términos previstos por la legislación que dicten las Comunidades Autónomas, podrán abarcar los siguientes extremos:

d) Mantener las playas y lugares públicos de baño en las debidas condiciones de limpieza, higiene y salubridad, así como vigilar la observancia de las normas e instrucciones dictadas por la Administración del Estado sobre salvamento y seguridad de las vidas humanas."

B Así mesmo, **o artigo 2 da Lei 38/2003**, determina os requisitos para a consideración como **subvención** dunha disposición dineraria pública: **Art 21**

1. **"Que la entrega se realice sin contraprestación directa de los beneficiarios.**
2. **Que la entrega esté sujeta al cumplimiento de un determinado objetivo, la ejecución de un proyecto, la realización de una actividad, la adopción de un comportamiento singular, ya realizados o por desarrollar, o la concurrencia de una situación, debiendo el beneficiario cumplir las obligaciones materiales y formales que se hubieran establecido.**
3. **Que el proyecto, la acción, conducta o situación financiada tenga por objeto el fomento de una actividad de utilidad pública o interés social o de promoción de una finalidad pública."**

O servizo de vixianza e salvamento nas praias e un servizo municipal con prestación directa aos beneficiarios, que debe prestarse no marco do Plan de Protección Civil de Salvamento en las Playas de Galicia (Sapraga)

De feito tódolos anos solicítase por parte do concello unha subvención a Xunta de Galicia para a contratación directa de persoal. Prestándose o servizo en dúas modalidades, unha a través dun convenio de subvención o por outra banda directamente con persoal propio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

En **CONCLUSIÓN**, á vista da documentación que obra no expediente e da normativa aplicable, fiscalízase de desconformidade a proposta de resolución e formúlase REPARO con base nos seguintes motivos:

- Incumprimento do estipulado no artigo 2 da Lei 38/2003, por se obxecto de subvención un servizo de competencia municipal con contraprestación directa.
- Non é viable a aplicación da institución de prórroga dun convenio do ano 2008

Dado que se trata dun dos supostos establecidos nos artigos 216 do TRLRFL e 12.3 do RCI, procede a suspensión da tramitación do expediente ata a corrección das incidencias que se indicadas ou se resolva a discrepancia, de conformidade co procedemento previsto nos artigos 217 e 218 do TRLRFL E 15 do RCI.

OBSERVACIÓNS: Aos motivos de reparo anteriores débense engadir as seguintes observacións:

A falta de xustificación da excepcionalidade de otorgar un anticipo do 100% da subvención sen prestar ningún tipo de garantía.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.

Non obstante, o órgano competente decidirá o que considere máis convinte a os intereses xerais.

Asinado dixitalmente na data do documento electrónico. Luz María Villa Álvarez.-
Viceinterventora municipal"

Visto o informe emitido polo Inspector Principal Xefe da Área de Seguridade Municipal, D. Daniel Sánchez Villaverde, de data 4 de xuño de 2024, con CVD KPDQaG6anDq9xlLtcfl8, do seguinte teor literal:

"El Inspector Principal 013012 realiza el presente informe en calidad de Jefe del Área de seguridad Municipal, al respecto del informe de Intervención de fecha 03 de junio de 2024 firmado por la Sra. Viceinterventora, Dña. Luz María Villa Alvarez, sobre la subvención nominativa entre el concello de Arteixo y la Asociación de Voluntarios de Protección Civil de arteixo para el servicio de Salvamento en Playas desde el 15 de junio al 15 de septiembre de 2024, por lo que se INFORMA:

1. Ya en la RESOLUCIÓN de 29 de octubre de 2021, de la Dirección General de Emergencias e Interior, por la que se da publicidad del Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 14 de octubre de 2021 por el que se aprueba el Plan de salvamento en playas de Galicia (Sapraga), establece en su anexo, en los fundamentos que..." *Las competencias municipales sobre la vigilancia y limpieza de playas se derivan de lo establecido en el artículo 115.d) de la Ley 22/1988, de*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



costas, conforme al cual las competencias municipales abarcan el mantenimiento de las playas en las debidas condiciones de limpieza, higiene y salubridad, así como la vigilancia de la observancia de las normas e instrucciones dictadas por la Administración del Estado sobre salvamento y seguridad de las vidas humanas. Bajo esa premisa, las autoridades de Protección Civil de la Xunta de Galicia elaboraron el primer Plan de salvamento en playas de Galicia (Sapraga) en colaboración con los ayuntamientos costeros de la Comunidad, siendo aprobado por la Comisión Gallega de Protección Civil el 14 de diciembre de 1995 y publicado por Resolución en el DOG de 18 de enero de 1996. El Plan Sapraga se fundamentaba en la cooperación de las administraciones autonómica y local, cooperación basada en convenios de colaboración entre ambas administraciones, por lo que la Xunta de Galicia, a través de la autoridad competente en materia de protección civil, cedía a los ayuntamientos diferente material de salvamento y formaba al personal a través de la Academia Gallega de Seguridad; asimismo, ofrecía la infraestructura del CECOP para la movilización de medios, tanto propios como ajenos y, de este modo, garantizar la seguridad en las playas. Por su parte los ayuntamientos se comprometían a realizar las infraestructuras necesarias en las playas (torres de vigilancia, puestos, etc.) y a disponer de un número de socorristas adecuado a las necesidades de cada playa.

2. Por todo ello el 5 de junio del ejercicio 2008 se aprobó el Convenio de Colaboración entre el Concello de Arteixo y la Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo para el desarrollo de actuaciones en materia de servicio de salvamento en las playas, convenio que se viene renovando año tras años hasta el presente ejercicio.
3. En el informe de Intervención de fecha 03 de junio de 2024 firmado por la Sra. Viceinterventora, Dña. Luz María Villa Alvarez, sobre la subvención nominativa entre el concello de Arteixo y la Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Arteixo, en su conclusión se establece reparo con base a dos motivos:
 - a. Incumplimiento de lo estipulado en el artículo 2 de la Ley 38/2003, por ser objeto de subvención un servicio de competencia municipal con contraprestación directa.
 - b. No es viable la aplicación de la institución de prórroga de un convenio del año 2008.

A la vista de lo expuesto anteriormente, por parte del que suscribe, se puede CONCLUIR:

1. En lo referente a la no viabilidad de la institución de prórroga de un convenio del año 2008, se propone que sea elaborado y firmado lo antes posible un nuevo convenio de colaboración.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

2. En lo referente a ser objeto de subvención un servicio de competencia municipal con contraprestación directa, no se está de acuerdo, por varios motivos:
- a. Se ha venido informando anteriormente dicha subvención de manera reiterada y favorable desde el ejercicio 2008, con una única advertencia sin llegarse a producir reparo en el ejercicio 2019 por parte de la anterior Interventora Municipal.
 - b. La propia normativa autonómica a través de su plan sapraga establece la colaboración competencial en el área del salvamento y articulado siempre desde los servicios de protección civil, lo que hace indicar que el modelo propuesto en este concello puede ser el más adecuado a prestar un servicio de este tipo.
 - c. En caso de no poder tramitarse esta subvención supondría serios perjuicios tanto para los bañistas como para el propio Concello, para los primeros porque se vería seriamente comprometida su seguridad en el baño, o en cualquier otra incidencia médica en los arenales, y para el Concello por no poder hacer frente a sus competencias por no disponer del personal adecuado y suficiente, ni tener tiempo material para poder optar por otros sistemas de contratación dado que la campaña estival arranca el 15 de junio, es decir escasos 8 días hábiles, totalmente insuficiente para el desarrollo de un expediente de contratación. Además implicaría la pérdida inmediata de los distintivos de calidad europea "bandera azul", dado que es requisito indispensable el contar con servicio de salvamento y socorrismo.

Por todo ello, el jefe de seguridad que suscribe, recomienda continuar con la tramitación de la subvención para el ejercicio 2024 y que se exploren otras posibilidades para los siguientes ejercicios.

Fdo. Digitalmente por Inspector principal - Jefe del Área de Seguridad Municipal"

Considerando que a competencia para ditar esta Resolución pertence á Xunta de Goberno Local, que avoco en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2016, de Réxime Xurídico do Sector Público.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar á Alcaldía, como titular da competencia orixinaria sobre o asunto, para este caso concreto debido a urxencia que traslada o departamento responsable, atendendo a facultade prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2016, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo.- Levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención municipal en informe de data data 3 de xuño de 2024, con CVD LljNITM/pB3wxav2hY3j, conforme ao exposto no informe emitido polo Inspector Principal Xefe da Área de Seguridade Municipal, de data 4 de xuño de 2024, con CVD KPDQaG6anDq9xILtcf18.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 320.000,00€.

Cuarto.- Conceder unha subvención nominativa á Asociación de Voluntarios de Protección Civil con C.I.F. G-15790926, por importe de 320.000,00€

Quinto.- Proceder á autorización e disposición do gasto, por un importe de 320.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 135-48900 RC Nº Operación 220240009349.

Sexto.- Aprobar a prorroga do convenio regulador da subvención para o ano 2024

Sétimo.- Aprobar o anticipo do 100% do importe da subvención e proceder aos seguintes pagos parciais:

- 165.000,00€ antes do 15 de xuño de 2024.
- 100.000,00€ antes do 15 de xullo de 2024.
- 55.000,00€ antes do 15 de agosto de 2024.

Oitavo.- Establecer como data limite para presentar a documentación xustificativa da subvención, o día 15 de novembro de 2024.

Noveno.- Deberá expedirse acta de entrega de maneira pormenorizada dos bens obxecto de cesión temporal, así como acta de recepción dos mesmos, a cal deberá ser incorporada na xustificación da subvención.

Décimo.- O no previsto no Convenio será de aplicación o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións no Concello de Arteixo.

Undécimo.- Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

Duodécimo.- Dar traslado do presente, na primeira sesión que celebre, ao Pleno e aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación aos terceiros interesados no expediente.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

ÚNICO: Quedar enterada.

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de Xuño do 2023, a Xunta de



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES,
acorda quedar enterada.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. José María Vázquez Pita
(SECRETARIO XERAL)